

## NEGOCIADO DE LICENZAS

**ASUNTO:** APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

### RESOLUCIÓN PARA APROBAR A APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

I. A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, reforza as liberdades de establecemento e de prestación de servizos dentro dos Estados membros. Dita directiva, trasposta ao ordenamento xurídico español da man da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, impón aos Estados membros a obriga de eliminar as trabas xurídicas e administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos, establecendo o réxime xeral de acordo co que o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización previa por parte da Administración. Soamente se poderán manter réximes de autorización previa cando así se estableza por Lei, cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados. Ditas razóns imperiosas de interese xeral están definidas no Considerando (40) da referida directiva, referíndose en especial á orde pública, seguridade e saúde públicas, no senso dos artigos 46 e 55 do Tratado. A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, veu introducir no sector servizos un profundo cambio, substituindo como regra xeral o control previo polo control posterior.

II. A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, introduciu modificacións na materia: modificación do artigo 84.1.c) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, establecendo a posibilidade de intervención na actividade dos cidadáns mediante o réxime de comunicación previa e declaración responsable, definidos no novo artigo 71.bis da Lei 30/1992 pola que se aproba a Lei do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común; así mesmo, establécese a posibilidade dun control a posteriori ao inicio da actividade para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación. Isto conleva un cambio transcendental na visión do control das actividades por parte das administracións, sobre todo na local.

Na mesma liña, o Decreto 2009/2009, do 23 decembro, modificou o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 xuño 1955, dando unha nova redacción ao artigo 5 (*A intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados exercerase polos medios e principios enunciados na lexislación básica en materia de réxime local*) e ao artigo 22.1 (*A apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse aos medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio*).

III. A modificación operada pola Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible, introduciu na Lei de Bases de Réxime Local os artigos 84.bis e 84.ter, clarificando a materia no ámbito local. Ditos artigos dispoñen o seguinte:

- Artigo 84.bis: *Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou*

## NEGOCIADO DE LICENZAS

**ASUNTO:** APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

*a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se atopa xa cuberto mediante outra autorización xa existente.*

*- Artigo 84.ter: Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as Entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da mesma polos interesados previstos na lexislación sectorial”*

Nesta liña, o artigo 42 da Lei de Economía Sostible reforma o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e concretamente a letra i) do artigo 20.4º, que agora establece que se cobrarán as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo.

IV. No ámbito normativo autonómico, o artigo 286 da Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración Local de Galicia, modificada pola Lei 1/2010, do 11 febreiro, establece a mesma liña de regulación que a marcada polo artigo 84.1 da Lei de Bases de Réxime Local.

A Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, que establece o marco xurídico para o desenvolvemento da actividade comercial na nosa comunidade autónoma, exclúe do seu ámbito de aplicación as actividades recollidas no seu artigo 2.2:

- a) Os servizos de carácter financeiro, de transporte e de seguros.
- b) Os servizos de aloxamento, cafeterías, bares, restaurantes e hostalería, en xeral.
- c) Os servizos de reparación, mantemento e asistencia técnica, sempre que non vaian asociados á venda, con carácter ordinario ou habitual.
- d) O exercicio de profesións liberais e colexiadas.
- e) Os servizos prestados por empresas de ocio e espectáculos, tales como cines, teatros, circos, ludotecas, parques infantís ou similares, sen prexuízo da suxeición á presente lei das vendas realizadas nas súas instalacións ou anexos, sempre que estas se celebren en zonas de libre acceso.

O artigo 28 de dita Lei, dispón para a apertura dos establecementos comerciais que:

*“1. Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou actividade ou, de ser o caso, comunicación previa ou declaración responsable. Ademais do anterior, nos supostos previstos nesta lei, requirirase autorización comercial da Comunidade Autónoma.*

*2. As licenzas de apertura dos establecementos comerciais serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente en materia de urbanismo, seguranza, salubridade e protección do medio ambiente.*

*3. En todo caso, as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais, nin ao informe da consellaría titular da competencia en sanidade, estarán*

## NEGOCIADO DE LICENZAS

**ASUNTO:** APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

*exentas da obtención da licenza municipal de apertura ou actividade, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable.*

*4. Suxéitanse unicamente ao deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e a adquirente, os cambios de titularidade das licenzas de actividade ou apertura de establecementos e actividades comerciais.*

*5. Os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, de ser o caso, nas comunicacións previas ou declaracións responsables recibidas serán comunicados polo respectivo concello á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio consonte o disposto no artigo 8º desta lei.”*

Máis recentemente, a nova Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, modifica a Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) introducindo un novo apartado 5.bis no artigo 195, que establece que *sen prexuízo do disposto no punto anterior, os concellos poderán establecer procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores no mesmo momento da solicitude.*

V. O Real decreto-lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos avanza un paso máis (como sinala na súa Exposición de Motivos), eliminando todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde públicas, ligados a establecementos comerciais e outros que se detallan no seu anexo cunha superficie de ata 300 metros cadrados. A devandita flexibilización exténdea tamén a todas as obras ligadas ao acondicionamento de locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación.

A súa Disposición final primeira, modifica o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda como sigue:

*“Uno. Se modifica el contenido de las letras h) e i) del apartado 4 del artículo 20, que queda redactado de la siguiente manera:*

*«h) Otorgamiento de las licencias urbanísticas exigidas por la legislación del suelo y ordenación urbana o realización de las actividades administrativas de control en los supuestos en los que la exigencia de licencia fuera sustituida por la presentación de declaración responsable o comunicación previa.*

*i) Otorgamiento de las licencias de apertura de establecimientos o realización de las actividades administrativas de control en los supuestos en los que la exigencia de licencia fuera sustituida por la presentación de declaración responsable o comunicación previa.»*

*Dos. Se modifica el apartado 1 del artículo 100, que queda redactado de la siguiente manera:*

*«1. El Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras es un tributo indirecto cuyo hecho imponible está constituido por la realización, dentro del término municipal, de cualquier construcción, instalación u obra para la que se exija obtención de la correspondiente licencia de obras o urbanística, se haya obtenido o no dicha licencia, o para la que se exija presentación de declaración responsable o comunicación previa, siempre que la expedición de la licencia o la actividad de control corresponda al ayuntamiento de la imposición.»*

*Tres. Se modifica el apartado 2 del artículo 101, que queda redactado de la siguiente manera:*

## NEGOCIADO DE LICENZAS

**ASUNTO:** APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

*«2. En el supuesto de que la construcción, instalación u obra no sea realizada por el sujeto pasivo contribuyente tendrán la condición de sujetos pasivos sustitutos del contribuyente quienes soliciten las correspondientes licencias o presenten las correspondientes declaraciones responsables o comunicaciones previas o quienes realicen las construcciones, instalaciones u obras.*

*El sustituto podrá exigir del contribuyente el importe de la cuota tributaria satisfecha.»*

*Cuatro. Se modifica el apartado 1 del artículo 103, que queda redactado de la siguiente manera:*

*«1. Cuando se conceda la licencia preceptiva o se presente la declaración responsable o la comunicación previa o cuando, no habiéndose solicitado, concedido o denegado aún aquella o presentado éstas, se inicie la construcción, instalación u obra, se practicará una liquidación provisional a cuenta, determinándose la base imponible:*

*a) En función del presupuesto presentado por los interesados, siempre que hubiera sido visado por el colegio oficial correspondiente cuando ello constituya un requisito preceptivo.*

*b) Cuando la ordenanza fiscal así lo prevea, en función de los índices o módulos que ésta establezca al efecto.*

*Una vez finalizada la construcción, instalación u obra, y teniendo en cuenta su coste real y efectivo, el ayuntamiento, mediante la oportuna comprobación administrativa, modificará, en su caso, la base imponible a que se refiere el apartado anterior practicando la correspondiente liquidación definitiva, y exigiendo del sujeto pasivo o reintegrándole, en su caso, la cantidad que corresponda.»*

VI. A Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, introduciu na súa disposición adicional terceira adicada ás “*Instalaciones de redes públicas de comunicaciones electrónicas*” a previsión de que as disposicións contidas no Título I da lei aplicaranse ás estacións ou instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 da devandita Lei (aquelas que teñan impacto no patrimonio histórico-artístico ou no uso privativo e ocupación dos bens de dominio público), ocupen unha superficie superior a 300 metros cadrados, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos. A presente Disposición enténdese sen prexuízo da aplicación a ditas instalacións do establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións e a súa normativa de desenvolvemento.

Consonte co marco normativo exposto, resultan excluídas da aplicación do réxime de comunicación previa e declaración responsable as actividades que pese a estar incluídas no catálogo anexo á presente ordenanza, afecten ao patrimonio histórico-artístico ou que impliquen o uso privativo e a ocupación dos bens de dominio público.

De conformidade co exposto e en virtude do previsto no art.21.1 q) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e decreto de delegación de competencias da Alcaldía do 13.06.2011 (publicado no BOP do 29.06.2011), fórmulase ao concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade a seguinte

## NEGOCIADO DE LICENZAS

**ASUNTO:** APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Aprobar a aplicación do sistema de comunicación previa e de declaración responsable - xunto cos seus modelos de impresos - para o exercicio das actividades e obras relacionadas no catálogo anexo, sen prexuízo da regulamentación que a tal efecto se estableza coa entrada en vigor da nova Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas e do procedemento de comunicación previa e declaración responsable, actualmente en tramitación.

As modificacións de carácter formal que non afecten aos dereitos e obrigas de terceiros non requirirán de actos expresos de aprobación.

**SEGUNDO:** Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol, para xeral coñecemento.

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación do anexo á presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol, para xeral coñecemento.

**CUARTO:** Advertir expresamente de que os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

**QUINTO:** Informar de que as taxas correspondentes pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa devengarase en virtude do establecido na Disposición final primeira da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que modifica o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos termos expostos nos antecedentes.

**SEXTO:** Dar conta da presente resolución á Secretaría Xeral, á Intervención municipal, á Tesourería e á Policía Local, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, vostede resolverá o que considere oportuno.

Ferrol,

A xefa de sección de urbanismo

Carla Candia Paz

**NEGOCIADO DE LICENZAS**

**ASUNTO:** APLICACIÓN DO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

**DECRETO.**- Examinei a proposta precedente e apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

Así o manda e asina o concelleiro da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade, por delegación da Alcaldía de 13.06.2011 (BOP 29.06.2011), no Pazo Municipal de Ferrol,

O concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade, P.D.

Guillermo Evia Pérez

Diante miña,

O secretario xeral